

Os Premios 10 de Marzo fan 35 anos



Memoria, loita e futuro do sindicalismo galego

Uns premios dedicados ao compromiso sindical e a defensa da democracia

Foi en 1992 cando se entregou a primeira edición dos Premios 10 de Marzo e desde entón se conceden coincidindo co Día da Clase Obreira Galega. A Fundación nacera o ano anterior, grazas ao pulo que lle imprimira o daquela secretario xeral das Comisións Obreiras de Galicia, Suso Díaz. A creación dos galardóns, de feito, foi unha das tarefas que o sindicato lle encomendou ao novo organismo, co obxectivo de recoñecer o traballo de sindicalistas de CCOO que desempeñaran un papel fundamental na creación, potenciación e extensión do sindicato ou que participaran activamente na loita sindical para conseguir mellorar as condicións de vida e de traballo en Galicia e para conquistar a democracia.

Na idea inicial tamén estaba a intención de premiar a persoas da política e doutros ámbitos que destacaran na loita polas liberdades ou que colaboraran co Sindicato Nacional na posta en valor da nosa actividade sindical. Esta vertente de outorgar o recoñecemento a xentes da sociedade civil foi gañando relevancia nos últimos anos.

Son decenas de galardóns ao longo destas tres décadas e media, con figuras sindicais tan salientables coma o propio Suso Díaz, premiado en 2010; Waldino Varela Martínez, recoñecido na segunda edición polo seu papel como un dos fundadores históricos do sindicato en Vigo e home clave na resistencia obreira; ou as mulleres que tiveron un papel fundamental nos conflitos obreiros de Ferrol e Vigo no 1972.



Da sociedade civil levaron o premio persoeiros como o intelectual recentemente finado Xesús Alonso Montero (2004) ou, a título póstumo a escritora Almudena Grandes (2022).

OS PREMIADOS DE 2026

Este ano inscriben o seu nome nesa listaxe o mariñeiro Samuel Kwesi Koufie, a maxistrada Paz Filgueira Fernández e o dirixente sindical Xosé Lamela Cacheiro.

A Comisión Executiva Nacional de CCOO entende que estas tres figuras, cada unha no seu ámbito, responden á perfección ao espírito dos premios, o de recoñecer traxectorias vitais e profesionais que exemplifican o compromiso coa loita sindical, cos dereitos da clase traballadora, coa defensa da democracia e coa igualdade, tanto dentro como fóra do sindicato